

# UNIDADE DIDÁCTICA

Esta Unidade Didáctica, deseñada para a materia “Xeografía e Historia de Galicia” de 2º de Bacharelato, aborda o estudo do reino medieval de Galicia nas historias de Galicia escritas desde o século XVI ata a historia inmediata. Identificarase, investigarase e analizarase que reino medieval de Galicia se foi reflectindo ao longo dos séculos nas diferentes obras que tentaron facer unha historia de Galicia.

## OBXECTIVOS

Recóllense, en primeiro lugar, os obxectivos xerais de Bacharelato que se adecúan ás características da Unidade Didáctica, tal e como se expoñen no Decreto 86/2015:

- A.** Consolidar unha madureza persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.
- B.** Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.
- C.** Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- D.** Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- E.** Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- F.** Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- G.** Acceder a coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.

**H.** Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.

**I.** Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.

**L.** Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

**A continuación, detállanse os obxectivos didácticos específicos desta Unidade:**

**A.** Coñecer a historiografía de Galicia dende o século XVI ata a actualidade.

**B.** Estudar o reino medieval de Galicia a partir dos diferentes autores.

**C.** Recoñecer os principais acontecementos e institucións da historia medieval de Galicia.

**D.** Analizar os personaxes masculinos e femininos salientables na historia medieval de Galicia.

## CONTIDOS

**Os contidos desta Unidade Didáctica encádranse nos bloques temáticos 1.1., 4.3. e 4.4. da materia “Xeografía e Historia de Galicia”, recollidos no Decreto 86/2015:**

**B.1.1.** Localización no tempo e no espazo e contextualización dos procesos, as estruturas e os acontecementos relevantes da xeografía e a historia de Galicia.

**B.4.3.** Reino suevo, avances na cristianización e integración na monarquía visigoda.

**B.4.4.** Galicia na Idade Media.

**Ademais, a Unidade consta dos seguintes contidos específicos:**

**A.** A historiografía do reino medieval de Galicia nos séculos XVI-XVIII.

**B.** A historiografía do reino medieval de Galicia no Romanticismo.

**C.** A historiografía do reino medieval de Galicia dende a Restauración ata a Transición española.

**D.** A historiografía do reino medieval de Galicia dende a Transición ata a actualidade.

# COMPETENCIAS

**Expóñense, en primeiro lugar, as competencias chave do sistema educativo español que se adecúan ás características desta Unidade Didáctica, tal e como se describen no Decreto 86/2015:**

- A.** Comunicación lingüística (CCL): aprender a interpretar distintos tipos de textos e ter a capacidade de buscar, recompilar e procesar informacións variadas; ser quen de expresar correctamente ideas propias e de expoñer publicamente materiais orixinais con soltura e precisión.
- B.** Competencia dixital (CD): ser capaz de empregar os diferentes recursos tecnolóxicos dispoñibles para acceder a información de calidade, así como para crear contidos propios a partir dela.
- C.** Aprender a aprender (CAA): aprender a abordar e organizar de xeito eficaz a realización dun proxecto de traballo, empregando estratexias de planificación e de resolución de problemas; ser quen de avaliar criticamente tanto o traballo propio como o doutras persoas.
- D.** Competencias sociais e cívicas (CSC): ser capaz de reflexionar sobre o funcionamento xeral das sociedades humanas e, especialmente, da propia; desenvolver unha actitude democrática e tolerante perante os feitos sociais en diferentes situacións e contextos; saber comunicarse de xeito construtivo e aberto con persoas de distintas opinións.
- E.** Conciencia e expresións culturais (CCEC): ser quen de interpretar e valorar diferentes manifestacións artístico-culturais da vida cotiá; desenvolver a iniciativa, a imaxinación e a creatividade; ser capaz de empregar distintas técnicas e materiais na realización de proxectos orixinais.

**A continuación, detállanse as competencias específicas que se traballarán ao longo da Unidade, elaboradas a partir das propostas de Jesús Domínguez Castillo (*Pensamiento histórico y evaluación de competencias, 2015*):**

- 1.** Explicar historicamente feitos do pasado e do presente:
  - a.** Identificar e explicar feitos históricos de forma contextualizada ou por empatía.
  - b.** Buscar conexións entre causas e consecuencias.
- 2.** Coñecer os textos historiográficos:
  - a.** Contextualizar e interpretar as fontes históricas.
  - b.** Analizar criticamente os produtos culturais do pasado.
- 3.** Comprender a lóxica do coñecemento histórico:
  - a.** Reflexionar sobre as relacións entre o pasado e o presente.
  - b.** Entender as limitacións do coñecemento histórico.

# METODOLOXÍA

Esta Unidade Didáctica impartirase por medio do chamado Aprendizaxe por Proxectos (APB). O APB é un modelo educativo que trata de articular o ensino-aprendizaxe de contidos e conceptos curriculares a través de realización de proxectos. Estes últimos, desenvolvidos polos alumnos de xeito autónomo baixo a tutela do profesor, están habitualmente motivados por unha cuestión de partida cuxa resolución esixe un proceso de investigación propia que constitúe o núcleo da actividade. Posteriormente, os coñecementos adquiridos son aplicados no deseño dalgún tipo de material susceptible de ser presentado ante o resto do grupo.

No caso desta Unidade, a metodoloxía do APB concretarase na elaboración de catro proxectos de carácter grupal. Cada un se dedica a un dos contidos específicos detallados no apartado 3, a saber: (1) “A historiografía do reino medieval de Galicia nos séculos XVI-XVIII”, (2) “A historiografía do reino medieval de Galicia no Romanticismo”, (3) “A historiografía do reino medieval de Galicia dende a Restauración ata a Transición española”, (4) “A historiografía do reino medieval de Galicia dende a Transición ata a actualidade”. Todos eles constan dunha serie de preguntas guía e materiais asociados que pretenden servir de apoio ao alumnado durante o transcurso das diferentes etapas de aprendizaxe. Ademais, o formato do produto final e da súa exposición non están predefinidos, polo que a creatividade a este respecto será valorada positivamente.

Tendo en conta estas consideracións, procédese a presentar, nunha primeira táboa, a secuenciación das diferentes actividades deseñadas para o desenvolvemento da Unidade. A continuación, ofrécese unha descrición pormenorizada de cada unha das actividades:

Primeira sesión	Actividade 1
Segunda sesión	Actividades 2, 3, 4 e 5 (de xeito simultáneo)
Terceira sesión	Actividades 2, 3, 4 e 5 (de xeito simultáneo)
Cuarta sesión	Actividades 2, 3, 4 e 5 (de xeito simultáneo)
Quinta sesión	Actividades 2, 3, 4 e 5 (de xeito simultáneo)
Sexta sesión	Actividade 6
Sétima sesión	Actividade 6
Oitava sesión	Actividades 7 e 8 (presentación)

ACTIVIDADE 1	
Descrición da actividade	<b>Exposición introdutoria</b> de carácter participativo a desenvolver na aula habitual en 50 min.
Contidos traballados	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A historiografía do reino medieval de Galicia nos séculos XVI-XVIII.</li> <li>2. A historiografía do reino medieval de Galicia no Romanticismo.</li> <li>3. A historiografía do reino medieval de Galicia dende a Restauración ata a Transición española.</li> <li>4. A historiografía do reino medieval de Galicia dende a Transición ata a actualidade.</li> </ol>
Obxectivos e competencias asociados	Obxectivos específicos: a), b), c), d) Competencias específicas: 1a., 1b., 2a., 2b., 3a., 3b.
Recursos empregados	<b>Presentación de PowerPoint</b> elaborada polo profesor a partir dunha selección de materiais da páxina web: <a href="http://www.historiadoreino.gal">www.historiadoreino.gal</a>
ACTIVIDADE 2	
Descrición da actividade	Realización do proxecto “ <b>A historiografía do reino medieval de Galicia nos séculos XVI-XVIII</b> ” por parte dun grupo de alumnos. O desenvolvemento de proceso terá lugar, baixo a supervisión do profesor, na aula habitual e na aula de informática durante catro sesións de 50 min., complementándose se fose necesario co traballo doméstico.  As <b>preguntas guía</b> son, neste caso, as seguintes: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Cales son as biografías dos autores dos séculos XVI-XVIII?</li> <li>• Cales son os principais acontecementos e institucións na historiografía do reino de Galicia nos séculos XVI-XVIII?</li> <li>• Cales son os principais actores masculinos e femininos da historiografía do reino medieval nos séculos XVI-XVIII?</li> <li>• Cales son os contextos históricos nos que se desenvolven os textos historiográficos dos séculos XVI-XVIII?</li> </ul>
Contidos traballados	1. A historiografía do reino medieval de Galicia nos séculos XVI-XVIII.
Obxectivos e competencias asociados	Obxectivos específicos: a), b), c), d) Competencias específicas: 1a., 1b., 2a., 2b., 3a., 3b.
Recursos empregados	<ul style="list-style-type: none"> <li>• de la Gándara, Felipe, <i>Armas, y triunfos de Galicia, hechos heroicos de sus hijos, y elogios de su nobleza de la mayor de España y Europa</i>, Imprenta de Iulian de Paredes, Madrid, 1666.</li> <li>• Sagrario de Molina, Bartolomé, <i>Descripción del Reyno de Galizia y de las cosas notables del Mondoñedo</i>, 1550.</li> <li>• Porreño, Baltasar, <i>Nobiliario del Reyno de Galicia</i>, ca. 1578, ed. de Manuel Mariño Currás, estudo introdutorio de Pardo de Guevara y Valdés, Boreal, A Coruña, 1997.</li> </ul>

ACTIVIDADE 3	
Descrición da actividade	<p>Realización do proxecto “<b>A historiografía do reino medieval de Galicia no Romanticismo</b>” por parte dun grupo de alumnos. O desenvolvemento de proceso terá lugar, baixo a supervisión do profesor, na aula habitual e na aula de informática durante catro sesións de 50 min., complementándose se fose necesario co traballo doméstico.</p> <p>As <b>preguntas guía</b> son, neste caso, as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Cales son as biografías dos autores do Romanticismo?</li> <li>• Cales son os principais acontecementos e institucións na historiografía do reino de Galicia no Romanticismo?</li> <li>• Cales son os principais actores masculinos e femininos da historiografía do reino medieval no Romanticismo?</li> <li>• Cales son os contextos históricos nos que se desenvolven os textos historiográficos do Romanticismo?</li> </ul>
Contidos traballados	2.A historiografía do reino medieval de Galicia no Romanticismo.
Obxectivos e competencias asociados	<p>Obxectivos específicos: a), b), c), d)</p> <p>Competencias específicas: 1a., 1b., 2a., 2b., 3a., 3b.</p>
Recursos empregados	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Vicetto, Benito, <i>Historia de Galicia</i>, Xuntanza, A Coruña, 1986 (reprodución facsimilar da edición orixinal).</li> <li>• Murguía, Manuel, <i>Historia de Galicia</i>, La gran enciclopedia vasca, Bilbao, 1979 (reprodución facsimilar da edición orixinal).</li> <li>• Vaamonde, Florencio, <i>Resume da historia de Galicia</i>, Edicións do Cerne, Santiago de Compostela, 2011 (reprodución facsimilar da edición orixinal).</li> </ul>

ACTIVIDADE 4	
Descrición da actividade	<p>Realización do proxecto “<b>A historiografía do reino medieval de Galicia dende a Restauración ata a Transición española</b>” por parte dun grupo de alumnos. O desenvolvemento de proceso terá lugar, baixo a supervisión do profesor, na aula habitual e na aula de informática durante catro sesións de 50 min., complementándose se fose necesario co traballo doméstico.</p> <p>As <b>preguntas guía</b> son, neste caso, as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Cales son as biografías dos autores que escribiron dende a Restauración ata a Transición española?</li> <li>• Cales son os principais acontecementos e institucións na historiografía do reino de Galicia desde a Restauración ata a Transición española?</li> <li>• Cales son os principais actores masculinos e femininos da historiografía do reino medieval dende a Restauración ata a Transición española?</li> <li>• Cales son os contextos históricos nos que se desenvolven os textos historiográficos dende a Restauración ata a Transición española?</li> </ul>
Contidos traballados	3. A historiografía do reino medieval de Galicia dende a Restauración ata a Transición española.
Obxectivos e competencias asociados	<p>Obxectivos específicos: a), b), c), d)</p> <p>Competencias específicas: 1a., 1b., 2a., 2b., 3a., 3b.</p>
Recursos empregados	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Villar Ponte, Ramón, <i>Historia sistética de Galicia</i>, Nós, A Coruña, 1927.</li> <li>• Risco, Vicente, <i>Historia de Galicia</i>, Galaxia, Vigo, 1952.</li> <li>• González López, Emilio, <i>Grandeza y decadencia del Reino de Galicia</i>, Citania, Buenos Aires, 1957.</li> </ul>

ACTIVIDADE 5	
Descrición da actividade	<p>Realización do proxecto “<b>A historiografía do reino medieval de Galicia dende a Transición ata a actualidade</b>” por parte dun grupo de alumnos. O desenvolvemento de proceso terá lugar, baixo a supervisión do profesor, na aula habitual e na aula de informática durante catro sesións de 50 min., complementándose se fose necesario co traballo doméstico.</p> <p>As <b>preguntas guía</b> son, neste caso, as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Cales son as biografías dos autores que escribiron dende a Transición ata a actualidade?</li> <li>• Cales son os principais acontecementos e institucións na historiografía do reino de Galicia dende a Transición ata a actualidade?</li> <li>• Cales son os principais actores masculinos e femininos da historiografía do reino medieval dende a Transición ata a actualidade?</li> <li>• Cales son os contextos históricos nos que se desenvolven os textos historiográficos dende a Transición ata a actualidade?</li> </ul>
Contidos traballados	4. A historiografía do reino medieval de Galicia dende a Transición ata a actualidade.
Obxectivos e competencias asociados	<p>Obxectivos específicos: a), b), c), d)</p> <p>Competencias específicas: 1a., 1b., 2a., 2b., 3a., 3b.</p>
Recursos empregados	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Villares Paz, Ramón, <i>Historia de Galicia</i>, Galaxia, Barcelona, 2004.</li> <li>• Andrade Cernadas, Xosé Miguel, López Carreira, Anselmo, <i>O Reino medieval de Galicia: crónica dunha desmemoria</i>, Xerais, Vigo, 2020.</li> <li>• M<sup>a</sup> del Carmen Pallares Méndez e Ermelindo Portela Silva, <i>Da Galicia Antiga á Galicia feudal (séculos VIII-XI). Tomo IV, Vol. 1, Mulleres, homes e paisaxes</i>, La Voz de Galicia, A Coruña, 2007.</li> <li>• M<sup>a</sup> del Carmen Pallares Méndez e Ermelindo Portela Silva, <i>Da Galicia Antiga á Galicia feudal (séculos VIII-XI). Tomo IV, Vol. 1, Poder e mentalidade</i>, La Voz de Galicia, A Coruña, 2007.</li> <li>• M<sup>a</sup> del Carmen Pallares Méndez e Ermelindo Portela Silva, <i>De Xelmírez aos Irmandiños. A Galicia Feudal (séculos XII-XIV). Tomo V, Vol. 1, Campos e Cidades nun Espazo Redefinido</i>, La Voz de Galicia, A Coruña, 2007.</li> <li>• M<sup>a</sup> del Carmen Pallares Méndez e Ermelindo Portela Silva, <i>De Xelmírez aos Irmandiños. A Galicia Feudal (séculos XII-XIV). Tomo V, Vol. 1, O encadramento Social e a Loita polo Poder</i>, La Voz de Galicia, A Coruña, 2007.</li> </ul>



ACTIVIDADE 6	
Descrición da actividade	<b>Presentación pública</b> dos resultados dos proxectos na aula habitual. Cada grupo de traballo disporá dun máximo de 20 min. para levar a cabo a parte correspondente da actividade, que se estenderá ao longo de dúas sesións de 50 min.
Contidos traballados	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A historiografía do reino medieval de Galicia nos séculos XVI-XVIII.</li> <li>2. A historiografía do reino medieval de Galicia no Romanticismo.</li> <li>3. A historiografía do reino medieval de Galicia dende a Restauración ata a Transición española.</li> <li>4. A historiografía do reino medieval de Galicia dende a Transición ata a actualidade.</li> </ol>
Obxectivos e competencias asociados	<p>Obxectivos específicos: a), b), c), d)</p> <p>Competencias específicas: 1a., 1b., 2a., 2b., 3a., 3b.</p>
Recursos empregados	Materiais deseñados polo alumnado.
ACTIVIDADE 7	
Descrición da actividade	<b>Debate</b> sobre a escritura da historia do reino medieval de Galicia. A actividade levarase a cabo na aula habitual ao longo dunha sesión de 50 min.
Contidos traballados	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A historiografía do reino medieval de Galicia nos séculos XVI-XVIII.</li> <li>2. A historiografía do reino medieval de Galicia no Romanticismo.</li> <li>3. A historiografía do reino medieval de Galicia dende a Restauración ata a Transición española.</li> <li>4. A historiografía do reino medieval de Galicia dende a Transición ata a actualidade.</li> </ol>
Obxectivos e competencias asociados	<p>Obxectivos específicos: a), b), c), d)</p> <p>Competencias específicas: 1a., 1b., 2a., 2b., 3a., 3b.</p>
Recursos empregados	<b>Presentación de PowerPoint</b> elaborada polo profesor a partir dunha selección de materiais da páxina web: <a href="http://www.historiadoreino.gal">www.historiadoreino.gal</a>

ACTIVIDADE 8	
Descrición da actividade	<p>Elaboración individual dun <b>ensaio final</b>, dun máximo dunha folia de extensión, no que se desenvolva unha visión persoal acerca dos contidos estudados e presentados pola totalidade dos grupos de traballo. Esta actividade levarase a cabo como traballo doméstico.</p> <p>As <b>preguntas guía</b> son, neste caso, as seguintes:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Que diferenzas e similitudes atopas entre as diferentes historiografías do reino medieval de Galicia?</li> <li>• Como inflúen os contextos na escritura de historia do reino medieval de Galicia?</li> <li>• Que autores che chamaron máis a atención? Por que?</li> </ul>
Contidos traballados	<ol style="list-style-type: none"> <li>1. A historiografía do reino medieval de Galicia nos séculos XVI-XVIII.</li> <li>2. A historiografía do reino medieval de Galicia no Romanticismo.</li> <li>3. A historiografía do reino medieval de Galicia dende a Restauración ata a Transición española.</li> <li>4. A historiografía do reino medieval de Galicia dende a Transición ata a actualidade.</li> </ol>
Obxectivos e competencias asociados	<p>Obxectivos específicos: a), b), c), d)</p> <p>Competencias específicas: 1a., 1b., 2a., 2b., 3a., 3b.</p>
Recursos empregados	Non definidos.

# AVALIACIÓN

Recóllense, en primeiro lugar, os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe asociados aos bloques de contidos traballados na Unidade, tal e como se expoñen no Decreto 86/2015:

Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe
<p>B1.1. Coñecer e utilizar adecuadamente as técnicas básicas de investigación en ciencias sociais, como seleccionar a información relevante en fontes diversas primarias (históricas) e secundarias (historiográficas) en bibliotecas, internet, etc., e analizala criticamente no marco das explicacións actuais sobre o pasado colectivo e a conformación da identidade xeográfica e histórica galega, utilizando con rigor o vocabulario específico da materia.</p>	<p>B1.1.1. Selecciona, analiza e utiliza a información que achega a documentación xeográfica e histórica de diversa natureza, e manexa as tecnoloxías da información e da comunicación.</p> <p>B1.1.2. Formula explicacións razoadas e críticas da evolución xeográfica e histórica de Galicia, comunicadas oralmente e por escrito, que demostren as súas capacidades para chegar a sínteses e conclusións relevantes, alcanzando o desenvolvemento da conciencia para a preservación do patrimonio cultural e da paisaxe galega.</p>
<p>B4.3. Procurar información sobre a monarquía sueva, o seu ámbito territorial e a súa organización, e explicar as circunstancias que a levaron a verse dominada polos visigodos.</p>	<p>B4.3.1. Resume as características do reino dos suevos canto a organización política, modo de vida, crenzas e polaridade social.</p>
<p>B4.4. Analizar os fundamentos xeopolíticos da mudante estrutura dos reinos peninsulares en permanente dialéctica con Al-Andalus e o papel representado polo territorio galego. Entender a evolución dos tempos medievais cara ao restablecemento das producións artesanais e os intercambios comerciais, baixo os parámetros dunha sociedade fundamentalmente estamental, valorando a importancia cardinal do camiño de Santiago.</p>	<p>B4.4.1. Explica a evolución política dos reinos peninsulares e o papel representado polo territorio de Galicia nese proceso.</p> <p>B4.4.2. Comenta a evolución económica da Galicia medieval posta en relación coa súa estrutura social.</p> <p>B4.4.3. Elabora un traballo que explica a transcendencia do camiño de Santiago na Idade Media europea, sinalando os diferentes camiños a Compostela e as principais poboacións que atravesan.</p>

A continuación, móstranse as rúbricas mediante as que se valorarán as dúas actividades avaliadas da Unidade. A primeira delas corresponde ao proxecto de traballo, que recibirá unha nota grupal. A segunda, pola súa parte, corresponde ao ensaio final, que será cualificado de xeito individual.

CATEGORÍA	Moi ben (9-10)	Ben (7-8)	Regular (5-6)	Mal (< 5)
Capacidade analítica e conceptual	Manexan con soltura os conceptos estudados e son capaces de chegar a conclusións interesantes e ben fundamentadas	Comprenden os conceptos estudados e son capaces de chegar a algunha conclusión de valor	Entenden o sentido da actividade, pero presentan certa confusión conceptual e non son capaces de chegar a conclusións de valor	Non entenden o sentido da actividade, presentan unha clara confusión conceptual e non son capaces de chegar a ningunha conclusión significativa
Profundidade da investigación	O proceso de investigación foi constante e exhaustivo; os alumnos presentan unha gran variedade de exemplos e son capaces de explicalos con claridade	O proceso de investigación foi continuado e bastante completo; os alumnos presentan un número adecuado de exemplos e son capaces de explicalos con solvencia	O proceso de investigación foi parcial e incompleto; os alumnos presentan poucos exemplos, pero son capaces de explicalos con certa solvencia	O proceso de investigación foi totalmente superficial; os alumnos non presentan exemplos significativos
Calidade expositiva	O material presentado é orixinal e de calidade; os alumnos expoñen o resultado das súas investigacións con claridade e soltura	O material presentado é adecuado, aínda se non é especialmente orixinal; os alumnos expoñen os resultados das súas investigacións con certa claridade e soltura	O material presentado cumpre cos mínimos esixibles no nivel correspondente; os alumnos expoñen os resultados das súas investigacións con certa solvencia, se ben por momentos de xeito confuso ou desordenado	O material presentado non cumpre cos mínimos esixibles no nivel correspondente; os alumnos expoñen os resultados das súas investigacións con desinterese e/ou falta de seriedade

CATEGORÍA	Moi ben (9-10)	Ben (7-8)	Regular (5-6)	Mal (< 5)
Capacidade analítica e conceptual	Manexa con soltura os conceptos estudados e é capaz de aplicalos tanto ao pasado como ao presente de xeito adecuado	Comprende os conceptos estudados e é capaz de establecer algunha relación entre o pasado e o presente	Entende o sentido da actividade, pero presenta certa confusión conceptual e mostra dificultades para establecer relacións significativas entre o pasado e o presente	Non entende o sentido da actividade, presenta unha clara confusión conceptual e non establece ningún tipo de relación entre o pasado e o presente
Profundidade da investigación	Menciona unha certa variedade tanto de casos estudados como de exemplos propios e é capaz de explicalos con claridade	Menciona tanto algún caso estudado como algún exemplo propio e é capaz de explicalos con solvencia	Menciona e explica un ou varios casos estudados, pero é incapaz de atopar exemplos propios minimamente significativos	Non menciona ningún caso estudado nin tampouco ningún exemplo propio minimamente significativo
Calidade expositiva	A redacción é clara e non presenta erros significativos; o/a alumno/a demostra un bo nivel argumental	A redacción é clara, pero presenta algúns erros significativos; o/a alumno/a demostra un nivel argumental aceptable	A redacción é, por momentos, confusa, e presenta varios erros significativos; o/a alumno/a demostra un nivel argumental aceptable	A redacción é totalmente confusa e presenta numerosos erros significativos; o/a alumno/a demostra un nivel argumental deficiente

**A nota total de cada unha das actividades será a media dos valores asignados ás diferentes categorías contempladas. A cualificación final do alumnado será o resultado da suma ponderada da ambas as dúas notas, representando a primeira (a correspondente aos proxectos de traballo) un 60% do total e a segunda (a correspondente ao ensaio individual) un 40%.**